



En relación coas instrucións sobre o proceso de admisión de alumnado para o curso académico 2011-2012, ditadas por esta dirección xeral con data do 28 de febreiro pasado, cómpre realizar as seguintes aclaracións:

2. Criterio de desempate segundo as letras dos apelidos

Con respecto ao criterio de desempate na puntuación total atendendo ás letras do primeiro e segundo apelido, resultantes do sorteo que establece o artigo 34.3 da Orde do 17 de marzo de 2007, esta dirección xeral entende que todo o alumnado cuxo primeiro apelido comece pola correspondente letra extraída no sorteo, debe ter preferencia a calquera outro no que non se dea dita circunstancia, ordenándose segundo determina o parágrafo segundo do artigo que se cita.

Por isto, conforme ao resultado do sorteo celebrado o pasado día 1 deste mes, terá preferencia a totalidade do alumnado que o seu primeiro apelido se inicie pola letra V. Dado que a segunda letra extraída no sorteo tamén é a V, a listaxe iniciárase polo primeiro apelido que comece coas letras V e V; no caso de igualdade do primeiro apelido, a prioridade será polo segundo apelido aplicando os mesmos criterios.

Unha vez rematados os apelidos que se inician pola letra V, continuará a listaxe seguindo a orde alfabética ordinaria.

Exemplo:

<u>Prelación</u>	<u>1º Apelido</u>	<u>2º Apelido</u>
1	V V...	V V...
2	"	"
3	V W...	V W...
4	"	"
5	V X...	V X...
6	"	"
7	V Y...	V Y...
8	"	"
9	V Z...	V Z...
10	"	"
11	V A...	V A...
12	"	"
13	W A...	W A...
14	"	"
15	X A...	X A...
16	"	"

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2011

O director xeral
Jose Manuel Pinal Rodríguez